

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	COIRÓS
Edificio	Igrexa de San Salvador de Colantres
Dirección	Lugar de Colantres, 4. 15316
	43.264100 -8.173579
Protección	
Descricion	<p>Trátase dun pequeno templo románico dun grande interese arquitectónico e histórico do concello de Coirós. Conserva moi ben a tipoloxía orixinal, agás a fachada principal e a sancristía que son engadidos posteriores.</p> <p>Esta igrexa presenta unha única nave rectangular con dous volumes apegados, os cales, aínda que non están comunicados entre si, utilízanse como sancristía. A nave cóbrese de madeira a dúas vertentes, ten os muros reforzados por tres contrafortes prismáticos de cantería, abríndose nos van seteiras, e nos máis pertos ó presbiterio, unhas sinxelas portas de xambas lisas, a de norte cun sillar sobre ménsulas de rolos, no que hai trazado un semicírculo a maneira de tímpano, e a de sur, oculta pola sancristía, cun arco de descarga semicircular que acobilla un tímpano sobre ménsulas.</p> <p>A ábsida cóbrese con bóveda de canón con feitura apuntada, sendo o arco triunfal case semicircular que descansa sobre columnas apegadas, de bases tóricas con moita escocia, adornadas con dentes de serra e garras no plinto, fustes cortos e capiteis cúbicos de talla moi basta. No exterior, os muros rematan nunha cornixa sobre canzorriños típico do románico; unha seteira abríase no fondo da ábsida e outra no testeiro da nave, que está coroadado por unha cruz de palmas inscrita nun círculo, frecuente no románico e segundo Ángel de Castillo López, tal vez como supervivencia visigótica.</p> <p>A fachada segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante a porta principal alintelada e flanqueada por dous contrafortes que rematan á altura da xanela cuadrangular situada enriba do ingreso. Remata o conxunto rompendo o vértice pentagonal, unha espadana de dous corpos, o primeiro formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares que serven para aloxa-las campás. O segundo un frontón triangular curvo cun oco en arco de medio punto flanqueado por dous pináculos e rematado por outro pináculo de punta cunha cruz de forxa enriba.</p> <p>A obra desta igrexa románica apareceu ó reforma-lo templo no ano 1903, cando se lle engadiu a sancristía, sendo do século XII.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	4
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	03-10-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor	BLANCO PALACIOS, ANTONIO (MONDOÑEDO)	1879	55	96
Espadana	Maior	DE LA SOTA LÓPEZ, JUAN MARÍA	1900	65	159

Información completa: [Igrexa de San Salvador de Colantres - COIRÓS \(GALICIA\)](#)

PDF (13-03-2026)